Documento distribuído por
culturagalega.org

# Un ramiño de bicos para María Victoria

Homenaxe do alumnado do CEP de Riomaior de Vilaboa a María Victoria.
Fonte: *Faro de Vigo* o 29 de novembro de 2005

**Consello da Cultura Galega**
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / xenero@consellodacultura.org

HOMENAXE

# Un ramiño de bicos para María Victoria

Hoxe, 23 de novembro de 2005, como tódolos mércores, entrou a nosa mestra cos periódicos do día. Non traía boa cara e axiña descubrimos por que, María Victoria Moreno Vázquez acababa de deixarnos. De súpeto todos cambiamos de cara, buscámola noticia no xornal, lémola con atención e tristeza e, de seguido, baixamos á biblioteca onde estivera ela, non había moito tempo, contándonos cousas da súa vía, dos seus canciños e dos seus libros. Agora, como querendo facerlle unha homenaxe, puxémonos a ler algúns dos seus libros seguros de que a ela lle aledaria. Regresamos á nosa aula e creamos, coa ternura que ela sempre transmitía, este acróstico.

María Victoria Moreno
Anxo caído do ceo
Rematou a túa andaina
Imaxinámoste nunca estrela
A que veremos sempre

Visitáchenos hai uns anos
Ilusionáchesnos cos teus libros
Cariñosa e amable
Todos te lembraremos
O teu espírito enche a nosa biblioteca
Recorre o noso corazón
Ilumina a nosa mente
Agarimanos o teu aroma

Marabillosa escritora
O teu idioma, o galego
Recordamos algúns libros
E haberá tirón de orellas?
Nico e Miños
O cataventos...

Marchaches paseniño
Amiga e mestra querida
Respecto e admiración por
Quen non quixo e animou
Unha inmensa dor nos enche
Este triste día
Zarpou un barco cara ó ceo

*Alumnos de 4° nivel de Primaria do CEP de Riomaior de Vilaboa*

V

Faro de Vigo
29 de Noviembre de 2005